



MEMORIA PROGRAMA CONCILIA 2018

**O CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO RECIBIU DE DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DE PONTEVEDRA A CANTIDADE DE 4.249,84€**

DENOMINACIÓN DO PROXECTO	3
EMPRESA ENCARGADA DA XESTIÓN DO PROGRAMA	3
BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA	3
DESTINATARIOS	3
LUGAR, HORARIO E DATAS DE REALIZACIÓN	3
TEMÁTICAS	4
ESPAZOS	5
PRIMEIRA QUINCENA DE XULLO	5
▪ Exemplo da orgnización dunha sesión tipo	5
▪ Usuarios por idades	6
▪ Cronograma de actividades realizadas	7
▪ Número de participantes diario	8
SEGUNDA QUINCENA DE XULLO	9
▪ Usuarios por idades	9
▪ Cronograma de actividades realizadas	10
▪ Número de participantes diario	11
PRIMEIRA QUINCENA DE AGOSTO	12
▪ Usuarios por idades	12
▪ Cronograma de actividades realizadas	13
▪ Número de participantes diario	14
SEGUNDA QUINCENA DE AGOSTO	15
▪ Usuarios por idades	15
▪ Cronograma de actividades realizadas	16
▪ Número de participantes diario	17
RESULTADO DAS ENQUISAS REALIZADAS ÁS FAMILIAS	18
METODOLOXÍA APLICADA	22
RECURSOS MATERIAIS	22
RECURSOS HUMANOS	23
VALORACIÓN	23

DENOMINACIÓN DO PROXECTO

Programa Concilia 2018

EMPRESA ENCARGADA DA XESTIÓN DO PROGRAMA

Anias xestión e formación sociocultural

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA

É un Programa educativo de atención á infancia no que se combinan actividades educativas con outras propias do lecer e tempo libre para fillos e fillas de familias traballadoras co obxectivo de favorecer a conciliación da vida familiar e laboral durante o período non lectivo de verán, ao tempo que se potencia o desenvolvemento integral do neno/a a través dunha programación que combina o xogo con actividades creativas, culturais e de coñecemento do entorno próximo, dende unha pedagogía do lecer baseada na educación en igualdade e hábitos saudables.

DESTINATARIOS/AS

Nenos e nenas de 3 a 12 anos do Concello de Campo Lameiro

Número de prazas:

25 prazas por quincena no mes de xullo

25 prazas por quincena no mes de agosto

LUGAR, HORARIO E DATAS DE REALIZACIÓN:

Colexio Pedro Antonio Cerviño

De luns a venres do 1 de xullo ao 31 de agosto de 2018 en horario de 9 a 14:00 horas

TEMÁTICAS

Bechos

“As súper habilidades da natureza”

Na nosa contorna viven pequenos seres con habilidades abraiantes e que manteñen o noso ecosistema en funcionamento. Arañas, mosquitos, formigas, abellas ... todos eles son de gran importancia no mundo natural.

Nesta quincena imos a coñecer a relevancia dalgúns deles e descubrir características peculiares que presentan moitos deles.

Heroes e heroínas !

“Crea o teu propio cómic”

Nesta quincena somerxémonos de cheo no mundo do cómic para descubrir todo o relacionado cos súper heroes e súper heroínas, tanto nacionais como internacionais. Crear, deseñar e debuxar o noso propio cómic, disfrazarnos, e interpretar a nosa personaxe favorita de cómic, serán algunhas das actividades que faremos arredor desta temática

Abordaremos este mundo fantástico dende unha perspectiva de igualdade que permita potenciar a nenas e nenos as súas habilidades persoais.

Xoguimañas

“Xogamos en igualdade para cambiar o mundo”

Nesta quincena exploraremos o papel que xogan os estereotipos de xénero nas nosas vidas.

Estimularemos un pensamento crítico nos/as participantes a través de dinámicas de grupo e actividades que permitan poñerse na pel do outro/a. Ser valente é para todos/as, todos/as podemos chorar e por suposto todos/as debemos valernos na casa axudando na medida do posible: cociñar, poñer a mesa, recoller o cuarto, lavar os pratos, varrer ...

Co xogo como principal elemento de inclusión e igualdade, abordaremos a realidade social de xeito ameno e positivo, pero con ganas de deixar unha pegada na nosa contorna que faga pensar en igualdade e coeducación.

“Con moito ritmo”

A temática “Con moito ritmo” está orientada a que os nenos e nenas, expresen o que lles fai sentir a música, podendo dar renda solta ao/á artista que levan dentro, con cancións, bailes e facendo música co seu propio corpo e as súas voces. Tendo actividades como a elaboración dos seus propios instrumentos.

ESPAZOS

O campamento desenvolveuse nas instalacións do colexio Pedro Antonio Cerviño de Campo Lameiro.

Os espazos utilizados para o desenvolvemento das actividades foron os seguintes:

- **Ximnasio** para xogos en gran grupo, actividades de animación e actividades predeportivas.
- **Patio cuberto** no que realizamos xogos en gran grupo e tomamos xuntos a merenda.
- **Pista de fútbol e de baloncesto** para realizar actividades deportivas.
- **Parque infantil destinado** o xogo libre.
- **Piscina** para a realización de actividades e xogos acuáticos.
- **Unha aula** habilitada como espazo lúdico para o desenvolvemento do proxecto con zona de lectura, xogos de mesa, xogo simbólico, instrumentos musicais, zona de pintura e de crebacabezas, zona de expresión con disfraces, etc. Así como para a realización de obradoiros.

PRIMEIRA QUINCENA DE XULLO

EXEMPLO DA ORGANIZACIÓN DUNHA SESIÓN TIPO

Grupo de 3 a 12 anos

9:00 - Chegan os rapaces e van para a ludoteca onde poden realizar xogo simbólico e xogo libre.

10:00- Facemos o obradoiro que toque nesta quincena.

11:00- Merenda


11:30- Imos ao patio cuberto e xogan a xogo libre.

12:00- Imos ao patio cuberto e facemos xogos en grupo .

13:30- Imos á ludoteca e facemos contacontos e sesión de baile.

14:00-Chegan os pais para recoller aos rapaces.

USUARIOS




	NÚMERO DE PARTICIPANTES
Grupo de Educación Infantil	6
Grupo de Educación Primaria	12

CRONOGRAMA DE ACTIVIDADES REALIZADAS


	DIA 2	DIA 3	DIA 4	DIA 5	DIA 6	DIA 9	DIA 10	DIA 11	DIA 12	DIA 13
9:00–9:30	CHEGADA DAS NENAS E NENOS									
9:30	Xogos de presentación	Iniciación a zumba	Contacontos	Coreografía	Contacontos	Baile dos bechos	Contacontos	Expresión teatral	Rutas dos muíños	zumba
10:00	Introdución da temática: Que sabes dos Bechos?	Obradoiro: colmeas de abellas	Preparación de material para o documental	Expedición (recollida de materias da natureza	Obradoiro: Tres en raia de xoaniñas	Obradoiro: Tea de araña	Piscina	Obradoiro: monicreque de araña		Gravación do documental
10:30	Xogos de roda				Club da comedia					
11:00	MERENDA									
11:30	Xogo libre									
12:00	Xogos cooperativos	Planificación dun documental	Xogos cooperativos	Xincana Salvaxe pola ludoteca	Circuíto de obstáculos	Xogos cooperativos	Xogos de auga na piscina	Gran xogo de pistas	Continuamos coa saída	Visionado e tomas falsas
12:45	Obradoiro: mural de bechos	Xogos predeterminados	Torneo de xogos		Concurso por equipos					
13:45-14:00	SAIDA DOS NENOS E NENAS									

NÚMERO DE PARTICIPANTES DIARIO:



	Día 2	Día 3	Día 4	Día 5	Día 6	Día 9	Día 10	Día 11	Día 12	Día 13
Nº de participantes	13	17	17	15	16	17	17	12	14	17

USUARIOS




NÚMERO DE PARTICIPANTES	
Grupo de Educación Infantil	6
Grupo de Educación Primaria	12

CRONOGRAMA DE ACTIVIDADES REALIZADAS


	DIA 16	DIA 17	DIA 18	DIA 19	DIA 20	DIA 23	DIA 24	DIA 26	DIA 27	DIA 30	DIA 31
9:00–9:30	CHEGADA DAS NENAS E NENOS										
9:30	Introdución da temática: Que sabes dos Bechos?	Iniciación a zumba	Saída: Ruta dos muíños	Coreografía	Contacontos	Actividades deportivas	Xogos predeterminados	Xogos de coeducación	Saída ao monte san Antoniño	Contacontos	Xogos cooperativos
10:00		Obradoiro: colmeas de abellas		Obradoiro: a capa de súper heroína e súper heroe	Obradoiro: deseña o teu anteface	Súper heroes e heroínas de cine	Piscina	Obradoiro: constrúe un photocall		Obradoiro: constrúe a tea de araña de spiderman	Preparación do festival de fin da quincena
10:30		Xogos de coeducación		Piscina	Piscina					Xogo dramático	
11:00	MERENDA										
11:30	Xogo libre										
12:00	Obradoiro: silueta de heroes / heroínas	Continuación piscina / xogos	Continuamos coa saída	Continuación piscina / xogos	Xogos cooperativos	Sesión de cine no centro	Xogos de auga na piscina	Xogos de teatro e expresión corporal	Continuamos coa saída: Gran xogo polo entorno	Preparación festa fin de quincena	Festa fin de quincena coas familias
12:45	Actividades deportivas	Historia de heroes / heroínas		Hora do comic	Actividades musicais			Iniciación ao ioga		Ensaio de coreografía	
13:45-14:00	SAIDA DOS NENOS E NENAS										

NÚMERO DE PARTICIPANTES DIARIO:



	Día 16	Día 17	Día 18	Día 19	Día 20	Día 23	Día 24	Día 26	Día 27	Día 30	Día 31
Nº de participantes	15	12	12	13	15	12	13	12	14	15	15

USUARIOS




NÚMERO DE PARTICIPANTES	
Grupo de Educación Infantil	3
Grupo de Educación Primaria	12

CRONOGRAMA DE ACTIVIDADES REALIZADAS


	DIA 1	DIA 2	DIA 3	DIA 6	DIA 7	DIA 8	DIA 9	DIA 10	DIA 13	DIA 14
9:00–9:30	CHEGADA DAS NENAS E NENOS									
9:30	Xogos de presentación	Iniciación a zumba	Contacontos	Coreografía	Contacontos	Baile dos bechos	Contacontos	Expresión teatral	Canción polo igualdade	zumba
10:00	Introdución da temática: Que habilidades domesticas teño?	Piscina	Coreografía: Bailamos xuntos?	Xogos tradicionais	Obradoiro: Tres en raia de xoaniñas	Dinámica emocional e ti vales moito	Piscina	Circuíto de tarefas domésticas	Xincana pola rúa con entrevistas aos veciños	OBRADOIRO DE MEDALLAS PARA A IGUALDADE
10:30	Cambia contos		Obradoiro: construímos unha cociña para o fogar	Obradoiro: cociña para todos e todas	Club da comedia	Piscina				
11:00	MERENDA									
11:30	Xogo libre									
12:00	Xogos cooperativos	Continuación piscina	Xogos cooperativos	Circuíto sobre rodas	Circuíto de obstáculos	Continuamos con piscina	Xogos de auga na piscina	Gran xogo de pistas	Xogos populares	FESTIVAL FIN DE QUINCENA
12:45	Obradoiro: elaboración de enquisas	Relaxación con música	Sogatira de tarefas		Concurso por equipos	Xogos cooperativos				
13:45-14:00	SAIDA DOS NENOS E NENAS									

NÚMERO DE PARTICIPANTES DIARIO:



	Día 1	Día 2	Día 3	Día 6	Día 7	Día 8	Día 9	Día 10	Día 13	Día 14
Nº de participantes	12	11	11	7	8	9	9	10	9	12

USUARIOS




NÚMERO DE PARTICIPANTES	
Grupo de Educación Infantil	3
Grupo de Educación Primaria	12

CRONOGRAMA DE ACTIVIDADES REALIZADAS

	DIA 16	DIA 17	DIA 20	DIA 21	DIA 22	DIA 23	DIA 24	DIA 27	DIA 28	DIA 29	DIA 30	DIA 31
9:00–9:30	CHEGADA DAS NENAS E NENOS											
9:30	Introdución da temática: Qué sabes da música?	Zumba	Esptar bailando	Coreografía	Contacontos	ioga	Bailamos?	Escoita o son	Actividades motrices	Zumba	Como me gusta bailar	Ensaio das coreografías
10:00		Obradoiro: vasos de percusión	Xogos cooperativos	Obradoiro Maracas	Xogos de música e movemento	piscina	Xincana de deportes e baile	Obradoiro papiroflexia	Xogos cooperativos	Xogos musicais	Obradoiro hotocoll para a festa final	
10:30				Sáímos para a piscina	Sáímos para a piscina				risoterapia			
11:00	MERENDA											Gran festa final
11:30	Xogo libre											
12:00	Continuación na piscina	Xogos do mundo	Gran xogo de pistas	Xogos de auga na piscina	Montar coreografía por equipos	Continuación piscina:	Obradoiro: Paus de choiva	Xogos de corro	Continuamos coa piscina	Xogos predeterminados	Grandes xogos de auga na piscina	
12:45	Expresión corporal e relaxación	Xogos predeterminados			Actividades de animación					Animación a lectura		
13:45-14:00	SAIDA DOS NENOS E NENAS											

NÚMERO DE PARTICIPANTES DIARIO:




	Día 16	Día 17	Día 20	Día 21	Día 22	Día 23	Día 24	Día 27	Día 28	Día 29	Día 30	Día 31
Nº de participantes	8	7	9	9	5	12	11	10	10	12	12	14

Como vos chegou a información do programa “?” (marcar cun x):


- Por entrega aos nenos/as de folha informativa no colexio
- Pola prensa
- Pola web do Concello
- Por coñecidos e amigos
- Por cartel - Outros

Porcentaxe de resposta



Que opinades sobre o sistema de inscrición?

Porcentaxe de resposta



Cal sería para vós o sistema máis axeitado?

A maior parte das familias cren que o sistema que hai é correcto, pero algunhas suxeriron :

Que se puidese realizar por internet

Que vos parece a duración e os horarios establecidos ?


- Axeitados
- Moi curtos
- Moi longos



Indicade cal é a duración e o horario que se adapta ás vosas necesidades


As familias pensan que este é o horario correcto.

Cal foi a actitude do/a neno/a á hora de asistir ao programa Concilia?




VALORACIÓN NÚMERICA DO 1 AO 10, sendo o 10 a puntuación máis alta.


Do funcionamento xeral e organización.



Das actividades programadas:



Do labor do equipo de monitores/as



O noso sistema de traballo durante todo o Programa levou implícito a aplicación dunha metodoloxía favorecedora da acción e a participación do neno/a en tódalas actividades tendo en conta as necesidades, inquietudes e expectativas do grupo, e buscando a creación dun ambiente san e distendido no que os nenos/as puideran desenvolver a súa creatividade e realizar aprendizaxes significativas e de convivencia en grupo, dentro do respecto e a tolerancia.

O noso traballo incluíu o criterio de integración, asumindo as diferenzas coma características persoais e non discriminatorias; a coeducación sen diferenzas de sexos e o xogo como principal fonte de aprendizaxe para o neno/a, polo que tódalas actividades realizadas tiveron un compoñente lúdico, dinámico e participativo. Potenciando deste xeito unha convivencia inclusiva, transmitindo valores como a o respecto polos demais a tolerancia, en definitiva unha coeducación sen prexuízos.

En canto ao deseño de actividades partimos dunha programación inicial que fomos adaptando ás características e intereses dos diferentes grupos de nenos e nenas participantes, enriquecéndoa coas súas propias experiencias e apartacións.

En canto a agrupación dos nenos/as, fixémosla o máis homoxénea posible partindo das idades e espazos dispoñibles, e tendo en conta ademais as características e circunstancias individuais.

Un aspecto importante foi tamén o coidado e ambientación dos espazos na busca dun ambiente agradable e seguro no que os nenos/as se sentiron a gusto: un espazo limpo e ordenado, decorado polas/os monitoras/as pero sobre todo coas apartacións dos nenas e nenos nas distintas actividades temáticas que realizamos.

A comunicación fluída coas familias foi outro dos nosos obxectivos, tratando de informalos da programación diaria das incidencias puntuais que puideron xurdir a nivel individual ou na participación conxunta nas festas ao remate de cada quenda.

RECURSOS MATERIAIS

Material para xogos de movemento e deportes: cordas, gomas, pelotas.

Material para xogos cooperativos e alternativos: indiakas ...

Material de xogo simbólico para a hora de xogo libre do grupo de pequenos: garaxe de coches, cociña, bonecos con accesorio

Materia de construción para a hora de xogo libre do grupo de pequenos e maiores: encaixables de diferentes tamaños, quebracabezas,

Xogos de mesa para o grupo de maiores para a hora de xogo libre: damas, xadrez, cartas, dominós.

Material para xogos populares: petanca, birlos, cordas. Caseta de bolas, etc. **Material de lectura:** contos e revistas infantís para diferentes idades

Material musical: reprodutor de música e pequenos instrumentos de percusión

Material obradoiros :

Set. de maquillaxe de fantasía

Pintura de témpera varias cores

Ceras de cores grosas e finas

Barras de pagamento infantil

Tesoiras de punta redonda

Papeis de cores

Cartolinas de cores

Pinceis

Follas

Plastilina

Cordel, la e fíos de varias cores

Material de refugallo: Caixas, botes, tapas, tubos de cartón, etc.

Material específico da temática de cada quenda: alimentos para a elaboración de receitas....

Alimentación: botellas de auga a disposición dos/as participantes cando precisaran.

RECURSOS HUMANOS

O equipo de persoal a cargo do programa concilia de Campo Lameiro estivo conformado por:

Xullo: 2 monitoras/es de tempo libre

Agosto: 2 monitoras de tempo libre

VALORACIÓN

➤ **Obxectivos:**

Dende o equipo de profesionais do Programa Concilia 2018 de Campo Lameiro coidamos que se cumpriron os obxectivos principais do proxecto. Entre outros podemos considerar que aprenderon a convivir e compartir a experiencia do lecer nun espazo de igualdade con compañeiros e compañeiras de diferentes idades. Esta experiencia contribuíu ademais á conciliación familiar e laboral de moitas familias de Campo Lameiro.

➤ **Espazos:**

Os espazos utilizados propiciaron unha óptima realización das actividades. Dunha banda, a posibilidade de poder dispoñer de amplos espazos abertos, os patios exteriores, fixo posible a realización de diferentes actividades en gran grupo. Así mesmo, o pavillón ofreceunos a posibilidade de realizar actividades predeportivas.

➤ **Actividades temáticas:**

As temáticas elixidas atraparon aos/as nenos e nenas participantes dende o primeiro momento. O feito de que os primeiros días de cada quenda participaran na ambientación dos diferentes espazos contribuíu a que entraran facilmente nas dinámicas e asumiran un papel activo .

➤ **Actividades para traballar a igualdade:**

Neste punto temos que destacar que durante todo o Programa traballamos a educación en igualdade de forma transversal desde o primeiro día e que na primeira quincena de agosto foi a nosa temática.

➤ **As saídas:**

As saídas programadas permitiron aos rapaces coñecer o seu entorno de forma lúdica e aprender participando nalgunhas das actividades ofrecidas.

➤ **Conclusión:**

En definitiva, podemos concluír que abordamos os intereses dos pequenos e das pequenas fusionando xogo, coeducación, deporte, saúde e cultura. Unha combinación perfecta na que os/as participantes do Programa Concilia de Campo Lameiro “cargaron as pilas” e aproveitaron o verán ao máximo en compañía dos seus iguais.